



Guía Docente						
Datos Identificativos				2021/22		
Asignatura (*)	Cromosomas: Estructura. Función e Evolución		Código	610441016s		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Híbrida					
Prerrequisitos						
Departamento	Bioloxía					
Coordinación	Valdiglesias García, Vanessa	Correo electrónico	vanessa.valdiglesias@udc.es			
Profesorado	Naveira Fachal, Horacio Valdiglesias García, Vanessa	Correo electrónico	horacio.naveira.fachal@udc.es vanessa.valdiglesias@udc.es			
Web	<a href="http://campusvirtual.udc.gal/course/view.php?id=13920">campusvirtual.udc.gal/course/view.php?id=13920</a>					
Descripción xeral	<p>A presente materia constitúe unha aproximación avanzada ao estudo do cromosoma eucariota coma un sistema estrutural e dinámico responsable do empaquetamento, transmisión, mantemento e regulación da función do ADN en diferentes contextos celulares. Os contidos pretenden completar os coñecementos previos adquiridos polos alumnos en materias relacionadas coa Xenética e a Bioloxía Molecular. Os materiais, guías de estudo e probas de avaliación estarán adaptadas á modalidade semipresencial. Abondarase por elo no emprego de materiais didácticos multimedia, que combinan textos con outros elementos interactivos. As actividades de aprendizaxe estarán igualmente adaptadas a esta modalidade de impartición, tanto no seu deseño como no seu enfoque.</p>					
Plan de continxencia	<p>É o mesmo desta materia na modalidade presencial.</p> <p>Adaptacións que se levarán a cabo na docencia e na avaliación, nun escenario de non presencialidade por un novo abrocho da pandemia, ou en caso de que por problemas de espazo nas aulas non se poda garantir o 100% da presencialidade para a docencia expositiva:</p> <p>1.- No caso de existiren problemas de aforo nos espazos designados para a realización de actividades presenciais, reservaranse espazos adicionais nos que os alumnos poidan seguir as actividades a través da plataforma Teams UDC. No caso das actividades prácticas, os grupos desdobraránse para adaptarse á capacidade do laboratorio ou da aula de informática.</p> <p>2.- Modificacións nos contidos. Non se realizarán cambios</p> <p>3.- Metodoloxías As clases e demáis actividades que non se poidan desenvolver na aula, debido ás previsibles medidas de distanciamento social, desenvolveránse telemáticamente a través da plataforma Teams UDC, para o que se creará un equipo específico da materia. Suspenderanse as visitas a laboratorios externos, integradas nas prácticas da materia.</p> <p>4.- Atención personalizada ao alumnado As titorías desenvolveránse por e-mail e Teams.</p> <p>5. Modificacións na avaliación Se fose necesario, todas as probas serán telemáticas, a través de Teams e Moodle, coas cámaras web activadas.</p> <p>6. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha.</p>					



Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	
Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Comprender os coñecementos da Xenética dende a perspectiva do cromosoma eucariota como un sistema estructural e dinámico		AI2 BI1 CM1 AI3 BI2 CM2 AI6 BI3 CM3 AI11 BI4 CM4 BI5 CM5 BI6 CM6 BI7 CM7 BI9 CM8 CM9
Capacidade de comprensión da organización de xenes, xenomas e cromosomas dende unha perspectiva comparada e centrada na relación entre aspectos estructurais, funcionais e evolutivos		AI2 BI1 CM1 AI3 BI2 CM2 BI3 CM3 BI4 CM4 BI5 CM5 BI6 CM6 BI7 CM7 BI9 CM8 CM9
Implementación dos coñecementos teóricos no análise da estructura, función e evolución dos cromosomas en organismos eucariotas		AI2 BI1 CM1 AI3 BI2 CM2 AI11 BI3 CM3 AI12 BI4 CM4 BI5 CM5 BI6 CM6 BI7 CM7 BI9 CM8 CM9
Traballar de xeito seguro nun laboratorio de bioloxía e coñecer distintas metodoloxías aplicadas en estudos citoxenéticos.		AI1 BI1 AI2 BI2 AI3 BI3 AI11 BI4 AI12 BI5

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1. Organización estructural do material hereditario	O material hereditario ADN/ ARN Niveis de organización. O cromosoma eucariota Cromosomas e proteínas cromosómicas Mantemento da organización cromosómica de protozoos ao cromosoma humano.
Bloque 2. Función dos cromosomas	Dinámica cromosómica. Control do ciclo celular e da mitosis. Eucromatina e heterocromatina. As Histonas variantes e o código das histonas. Os cromosomas polítenicos e plumosos



Bloque 3. Os cromosomas e a evolución	Os cariotipos nos diferentes taxones. Análise comparativo. Aspectos evolutivos e citotaxonómicos.
---------------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A3 B3 B4 B6 C3 C2	1	1	2
Sesión maxistral	A6 A11 B1 C5 C6 C7	2	14	16
Prácticas de laboratorio	A1 A2 A3 A11 A12 B2 C8	1	7	8
Prácticas a través de TIC	A3 A11 B3 B6 C3	1	5	6
Seminario	A3 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C9 C3 C2 C1	1	11	12
Presentación oral	B1 B4 B5 B6 B7 B9 C9 C3 C2 C1	1	10	11
Proba obxectiva	B2 B7 C8 C4	3	12	15
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Profesor.- Presenta a guía docente da materia, as normas de prevención de riscos e de seguridade nos laboratorios, as fontes documentais e os recursos bioinformáticos disponibles para o curso. Aclara dúbidas e organiza aos alumnos para as actividades. Alumno.- Toma notas, formula dúbidas e cuestións.
Sesión maxistral	O profesor transmitirá coñecementos teóricos nas sesións maxistrais mediante videopresentacións, vencelladas ao desenvolvemento dos bloques temáticos da materia. O contido destas sesións axustarase ós coñecementos previos adquiridos polo alumnado nos seus estudos de Grao. As sesións maxistrais apoiaranse en materiais disponibles a través da plataforma Moodle da UDC.
Prácticas de laboratorio	Incluirán a aprendizaxe de metodoloxías principalmente baseadas en técnicas cromosómicas. Realizarase una visita a un laboratorio especializado. Crearase unha sección específica para as prácticas de laboratorio na plataforma Moodle UDC, na que se incluirán guías e documentación de todo tipo para facilitar o seu seguimento asincrónico polo alumnado.
Prácticas a través de TIC	Manexo de ferramentas informáticas para o estudo da evolución cromosómica e da organización dos cromosomas no núcleo. Do mesmo xeito que para as prácticas de laboratorio, crearase unha sección específica para as prácticas de bioinformática na plataforma Moodle UDC do curso, na que se incluirán guías e material de apoio que permitan a realización asincrónica dos exercicios prácticos.
Seminario	En paralelo ao desenvolvemento das sesións maxistrais, o profesor organizará a elaboración progresiva dun único seminario-dossier por parte do alumnado mediante diversos recursos de traballo telemático a través da plataforma Moodle e do equipo Teams do curso, co obxectivo de completar os coñecementos básicos adquiridos nas sesións maxistrais con coñecementos más específicos. Esta dinámica docente resultará na elaboración dun dossier final de referencia sobre a materia para os alumnos.
Presentación oral	Referida ó seminario-dossier elaborado de forma conjunta polo alumnado. Cada alumno presentará unha parte do seminario mediante a plataforma Teams UDC, intentando encadrar a mesma no contexto global do traballo elaborado en colaboracións cos seus compañeiros/as.
Proba obxectiva	Proba final que contemplará cuestións básicas sobre a materia, referida tanto a sesións maxistrais, seminario e prácticas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Actividades iniciais	A atención personalizada enténdese coma unha orientación enfocada a mellorar e incrementar os coñecementos básicos
Prácticas de laboratorio	previos dos alumnos, aprendendo a discernir entre a bibliografía más adecuada e actualizada, axudando a centrar o tema obxecto dos seminarios e traballos tutelados, contribuíndo á mellora e ó fomento do espírito crítico dentro da metodoloxía
Presentación oral	científica. Os alumnos recibirán unha hora de atención personalizada a través da plataforma Teams da UDC, na que se
Sesión maxistral	creará un equipo específico para esta materia.
Seminario	
Prácticas a través de TIC	

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Prácticas de laboratorio	A1 A2 A3 A11 A12 B2 C8	Incluirán o desenvolvemento de situacions prácticas propias da investigación básica e aplicada. Os alumnos responderán a cuestionarios sobre as prácticas que serán avaliados. É necesario conseguir cando menos 5 puntos nestes cuestionarios para superar a materia.	10	
Presentación oral	B1 B4 B5 B6 B7 B9 C9 C3 C2 C1	Presentación do seminario-dossier elaborado durante a docencia da materia mediante diapositivas explicativas. Realizarse mediante a plataforma Teams UDC.	15	
Seminario	A3 B3 B4 B5 B6 B7 B9 C9 C3 C2 C1	Elaboración dun traballo escrito que o alumnado presentará ó profesor ó final da materia. Avaliarase a súa calidade, contexto no estado da arte e coherencia no marco da docencia impartida. Utilizarase a plataforma Moodle UDC para configurar o desenvolvemento e entrega desta tarefa.	15	
Proba obxectiva	B2 B7 C8 C4	Esta proba, que constitúe o exame oficial da materia, será individual e non pode realizarse en grupo. Permitirá ao alumnado demostrar o dominio dos coñecementos teóricos adquiridos sobre cuestiós básicas da materia. É necesario conseguir cando menos 25 puntos nesta proba para superar a materia.	50	
Prácticas a través de TIC	A3 A11 B3 B6 C3	Os alumnos responderán a cuestionarios sobre as prácticas de bioinformática, que serán avaliados. É necesario conseguir cando menos 5 puntos nestes cuestionarios para superar a materia.	10	

Observacións avaliación
Co fin de garantir a igualdade de oportunidades, os alumnos presenciais e semipresenciais deberán superar as mesmas probas e responder aos mesmos cuestionarios, que se desenvolverán a través da plataforma Moodle da UDC.
Consideraranse PRESENTADOS nas actas da materia todos aqueles alumnos que se presenten aos exames prácticos ou ao exame final oficial da materia.
A nota final en actas dos estudiantes que non alcancen nas prácticas ou na proba obxectiva do temario teórico a nota mínima para superar a materia, pero cuxa puntuación acumulativa sexa superior a 50, será un 4.9 (SUSPENSO).
Na segunda oportunidade tan só deberá presentarse a exame o alumnado que non se presentou na primeira, ou que non superase a nota mínima para aprobar a materia nos cuestionarios de prácticas ou na proba obxectiva de teoría. Manteranse para a cualificación final nesta segunda oportunidade as notas acumuladas no traballo de seminario e na presentación oral. A metodoloxía de avaliação dos coñecementos teóricos e prácticos será a mesma da primeira oportunidade.
No caso de que algún estudiante, por razóns debidamente xustificadas, non puidese presentar o seu traballo en seminarios ou a súa presentación oral, poderá intentar recuperar os puntos perdidos respondendo a un bloque adicional de preguntas e exercicios na proba obxectiva que constitúe o exame oficial da materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade.
A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliação implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliação de cara á oportunidade extraordinaria.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<p>- Bass, Hank W (2012). Plant cytogenetics : genome structure and chromosome function. New York: Springer</p> <p>- Arsham, Marylin S (2017). The AGT cytogenetics laboratory manual. New Jersey: Wiley.Blackwell</p> <p>- Ruiz-Herrera, Aurora (2021). Mechanisms driving karyotype evolution and genomic architecture. Mdpi AG</p> <p>- Pollard, Thomas D (2017). Cell Biology. Philadelphia: Elsevier</p> <p>- Jorde, Lynn B (2021). Genética Médica. Barcelona:Elsevier</p> <p>- Pierce, Benjamin A (2020). Genetics: A conceptual approach. New York: Freeman</p> <p>- Choi, Jung H (2017). Solutions and problem-solving manual to accompany: Genetics: a conceptual approach. New York: Freeman</p> <p>"Mechanisms driving karyotype evolution and genomic architecture" é un número especial de Genes, de acceso abierto, editado por Aurora Ruiz-Herrera e Marta Farré-Belmonte, disponible a través de <a href="https://www.mdpi.com/journal/genes/special_issues/Genomic_ArchitectureLIMA-DE-FARIA">https://www.mdpi.com/journal/genes/special_issues/Genomic_ArchitectureLIMA-DE-FARIA</a>. A. 2008. Praise of Chromosome "Folly". World Scientific/Imperial College Press.LYNCH, M. 2007. The origins of Genome Architecture. Sinauer Associates, Sunderland, MA.REECE, R.J. 2004. Analysis of Genes and Genomes. Ed. Wiley &amp; Sons.SUMNER, A.T. 2003. Chromosomes: Organization and Function. Blackwell Publishing.VAN HOLDE, K.E. 1988. Chromatin. Springer-Verlag, NY.VERMA, R.S. &amp; BABU, A. 1995. Human Chromosomes: Principles and Techniques.2ª Ed. McGraw-Hill.WEINGARTEN, C.N. 2009. Sex Chromosomes: Genetics, Abnormalities and Disorders. Springer.WOLFFE, A.P. 1998. Chromatin: Structure &amp; Function. Academic Press, San Diego, CA. ZLATANOVA, J. &amp; LEUBA, S.H. 2004. Chromatin Structure and Dynamics: State-of-the-Art. Elsevier, Amsterdam.</p>
Bibliografía complementaria	<p>Annunziato AT (2005) Split decision: what happens to nucleosomes during DNA replication? <i>J. Biol. Chem.</i> 280:12065-12068Arents G, Moudrianakis E (1995) The histone fold: a ubiquitous architectural motif utilized in DNA compaction and protein dimerization. <i>Proc. Natl. Acad. Sci. U S A</i> 92:11170-11174Brown DT (2001) Histone variants: are they functionally heterogeneous. <i>Genome Biol.</i> 2:1-6Luger K, Mäder AW, Richmond RK, Sargent DF, Richmond TJ (1997) Crystal structure of the nucleosome core particle at 2.8 Å resolution. <i>Nature</i> 389:251-260Cairns BR (2005) Chromatin remodeling complexes: strength in diversity, precision through specialization. <i>Curr. Opin. Genet. Dev.</i> 15:185-190 Downey M, Durocher D (2006) Chromatin and DNA repair: the benefits of relaxation. <i>Nat. Cell Biol.</i> 8:9-10Eirín-López JM, Ausió J (2009) Origin and evolution of chromosomal sperm proteins. <i>Bioessays</i> in press Eirín-López JM, Frehlick LJ, Ausió J (2006) Protamines, in the footsteps of linker histone evolution. <i>J. Biol. Chem.</i> 281:1-4 Eirín-López JM, González-Romero R, Dryhurst D, Méndez J, Ausió J (2009) Long-term evolution of histone families: old notions and new insights into their diversification mechanisms across eukaryotes. In: Pontarotti P (ed) <i>Evolutionary Biology: Concept, Modeling, and Application</i>. Springer-Verlag, Berlin Heidelberg, p in pressGrigoryev SA (2004) Keeping fingers crossed: heterochromatin spreading through interdigititation of nucleosome arrays. <i>FEBS Lett.</i> 564:4-8Henikoff S (2005) Histone modifications: Combinatorial complexity or accumulative simplicity? <i>Proc. Natl. Acad. Sci. U S A</i> 102 Henikoff S, Ahmad K (2005) Assembly of variant histones into chromatin. <i>Annu. Rev. Cell. Dev. Biol.</i> 21:133-153Kasinsky HE, Lewis JD, Dacks JB, Ausió J (2001) Origin of H1 histones. <i>FASEB J.</i> 15:34-42Kimmings S, Sassone-Corsi P (2005) Chromatin remodelling and epigenetic features of germ cells. <i>Nature</i> 434:583-589Lewis JD, Saperas N, Song Y, Zamora MJ, Chiva M, Ausió J (2004) Histone H1 and the origin of protamines. <i>Proc. Natl. Acad. Sci. U S A</i> 101:4148-4152Malik HS, Henikoff S (2003) Phylogenomics of the nucleosome. <i>Nat. Struct. Biol.</i> 10:882-891Ramakrishnan V, Finch JT, Graziano V, Lee PL, Sweet RM (1993) Crystal structure of globular domain of histone H5 and its implications for nucleosome binding. <i>Nature</i> 362:219-223Strahl B, Allis CD (2000) The language of covalent histone modifications. <i>Nature</i> 403:41-45van Holde KE, Zlatanova J (1995) Chromatin higher order structure: chasing a mirage? <i>J. Biol. Chem.</i> 270:8373-8376Vignali M, Workman JL (1998) Location and function of linker histones <i>Nat. Struct. Biol.</i> 5:1025-1028Woodcock CL, Dimitrov S (2001) Higher-order structure of chromatin and chromosomes. <i>Curr. Opin. Genet. Dev.</i> 11:130-135Recursos Web<a href="http://www.udc.es/grupos/xenomar/chromevol/Welcome.html">http://www.udc.es/grupos/xenomar/chromevol/Welcome.html</a><a href="http://www.ncbi.nlm.nih.gov/">http://www.ncbi.nlm.nih.gov/</a><a href="http://www.timetree.org/">http://www.timetree.org/</a><a href="http://tolweb.org/tree/phylogeny.html">http://tolweb.org/tree/phylogeny.html</a><a href="http://research.ncbi.nih.gov/histones/">http://research.ncbi.nih.gov/histones/</a><a href="http://www.ebi.ac.uk/msd-srv/oca/oca-docs/oca-home.html">http://www.ebi.ac.uk/msd-srv/oca/oca-docs/oca-home.html</a><a href="http://www.chromdb.org/">http://www.chromdb.org/</a><a href="http://www.ensembl.org/index.html">http://www.ensembl.org/index.html</a><a href="http://swissmodel.expasy.org/">http://swissmodel.expasy.org/</a></p>

## Recomendaciones



## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Mecanismos de xeración da variación xenética/610441005

Proteómica/610441014

Xenética Humana/610441017

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dinámica e Estructura de Proteínas/610441012

Xenómica/610441015

Bioinformática e Modelado de Biomoléculas/610441021

## Materias que continúan o temario

Células Nai e Terapia Celular/610441010

Toxicología Xenética/610441018

Traballo de Máster/610441023

## Observacións

Programa Green Campus Facultade de Ciencias Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumplir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático.b. De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías